



**XUNTA DE GOBERNO**

**SESION ORDINARIA DE QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**

**(ACTA NÚMERO 42)**

**Presidente:**

D. Argelio Fernández Queipo

**Sres. Deputados:**

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Eduardo Vidal Baamonde

D<sup>a</sup>. Sonsoles López Izquierdo

**Secretario:**

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **quince de outubro de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do Sr. Vicepresidente D. Argelio Fern3ndez Queipo, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. Darío Campos Conde, e os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D. Lino Rodríguez Onega e D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de outubro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

### **2.- DECLARACIÓN INSTITUCIÓN CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO “DÍA MUNDIAL DA MULLER RURAL”.**

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda aprobar a seguinte declaración institucional:

*“Queremos manifestar hoxe, 15 de outubro, Día Internacional da Muller Rural, unha vez máis, o noso firme compromiso coas mulleres que viven e desenvolven a súa actividade profesional nas zonas rurais, que teñen as súas necesidades e as súas reivindicacións, co fin de impulsar a mellora da calidade das súas vidas.*

*A sociedade no seu conxunto, debemos facer un claro recoñecemento á contribución que veñen realizando as mulleres tanto no desenvolvemento económico, como no social e cultural das nosas aldeas e zonas rurais. Así o entendemos e así o sinalan as diferentes Directivas da Unión Europea e Resolucións do Parlamento Europeo nas súas peticións aos Gobernos e Estados membros.*

*Somos conscientes dos grandes retos que temos todos na defensa do medio rural, non só, illadamente, desde un punto de vista de protección e sostibilidade medioambiental, senón sobre todo para a sostibilidade poboacional que é o que garante a supervivencia do rural.*



*É preciso subliñar tamén a importancia que as mulleres tivemos, temos e teremos no mantemento do rural, pero tamén na transmisión de valores, pois a muller é o eixo da unidade familiar: sen muller non hai familias.*

*Nestes tempos de globalización e deslocalización, vivir no medio rural é tamén unha opción de filosofía e de modo de vida. Debemos apostar pola igualdade de oportunidades e o progreso do medio rural. Para iso, débense abordar políticas dirixidas a súa mellora, sempre desde unha perspectiva de xénero. Non haberá desenvolvemento no medio rural sen a contribución e participación das mulleres en todos os ámbitos e en especial na actividade económica e no emprendemento.*

*Se defendemos a igualdade, defendemos que as mulleres do rural teñamos os mesmos dereitos que as mulleres das zonas urbanas, así como acceso aos diferentes servicios públicos para a atención das súas necesidades e das súas familias, impulsando e promovendo a conciliación da vida laboral e persoal.*

*Non podemos esquecer que unha grande parte das mulleres do ámbito rural desenvolven a súa actividade laboral nas explotacións familiares agrarias, compartindo cos homes as tarefas e aportando tanto bens, coma o traballo, sen ter, en moitos casos, os mesmos dereitos que os titulares das mesmas.*

*É tarefa de todos garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no medio rural, porque detrás de cada explotación familiar para a que non hai relevo, detrás de cada muller que abandona a súa aldea, atopase un grave problema: avellentamento da poboación e éxodo rural; problemáticas que, afectan, de xeito moi importante á nosa comunidade.*

*Por exemplo, en Galicia, temos unha media de 321,5 mulleres maiores de 65 anos por cada 100 mulleres menores de 20 anos; e nas provincias do interior esta cifra chegas as 422,3 en Lugo e as 503,5 en Ourense.*

*Todas e todos sabemos que detrás do abandono das explotacións familiares, e do abandono dos pobos e da falta de relevo xeracional o que ven é “desordeación do territorio”: proliferación incontrolada de especies como o xabarís ou a aparición de incendios forestais cada vez máis voraces. Detrás do abandono do rural ven o caos medioambiental, patrimonial, cultura, socioeconómico...*

*Neste ano, dende FADEMUR, Federación de Asociacións de Mulleres, quere poñer o acento en que a perspectiva de xénero sigue estando ausente dentro da PAC que conta xa con máis de 50 anos de historia. Por iso a maiores de solicitar unha mellor dotación económica para a mesma, queren lanzar unha mensaxe clara na liña do sinalando pola ONU Mulleres na súa campaña #AhoraeselMomento.*

*Esta campaña, busca promover a autonomía das mulleres rurais, ao contemplalas como o verdadeiro motor do desenvolvemento rural, do avance das comunidades locais e como o elemento imprescindible para o sostemento da agricultura familiar, básicas para garantir a alimentación no mundo.*

*No territorio europeo soamente o 30% das explotacións agrícolas e gandeiras son propiedade de mulleres e ao longo de todos estes anos, a PAC tense configurado como un elemento discriminatorio no financiamento das mesmas.*

*Analizando os datos de reparto das axudas da PAC do ano 2016 (último publicado) podemos observar como as mulleres saen sempre en desvantaxe, conformando as axudas da PAC unha auténtica “fenda salarial rural”.*

*Se falamos dos datos galegos, as mulleres supoñen o 57,6% das persoas receptoras das axudas directas da PAC. (16.495 mulleres, fronte a 12.147 homes), o que non significa que teñan un diferencial menor, todo o contrario, en Galicia están percibindo de media un 40,53% menos (3.103€ as mulleres, fronte a 5.218€ os homes).*



*O mesmo ocorre coas axudas para os programas de desenvolvemento rural, no estado o diferencial económico das axudas chega a un 23,66% entre homes e mulleres, e en Galicia o diferencial chega ao 22,1%.*

*Todo elo, pode deixar entrever as características das explotacións onde as galegas son titulares: explotacións máis pequenas, con menos animais, con menos base territorial, e con un claro perfil de explotación familiar.*

*Se a principal liña política de actuación que existe no medio rural é a PAC, e as mulleres non atopan espazo dentro dela, dificilmente esta política vai axudar a propiciar que esas pequenas explotacións familiares, nas que maioritariamente estamos presentas as mulleres, teñan futuro e teñan relevo.*

*A poboación ocupada na provincia de Lugo, en agricultura, silvicultura e gandeiría, supón o 12%, e dicir 7500, mulleres, de toda a poboación ocupada da provincia, o cal indica a importancia económica das mulleres na provincia. De nada serve loitar por uns prezos xustos para os nosos produtos, se as aldeas se quedan sen vida ao marcharse as mulleres.*

*Non queremos deixar sen mencionar toda una serie de soportes sociais que as mulleres en xeral, e as mulleres rurais en particular, precisamos para poder continuar coa vida nas mesmas condicións: políticas que valoren a nosa labor como coidadoras, protección e acompañamento en casos de violencia de xénero, educación e sanidade de calidade, servicios de transporte adecuados...*

*Somos moitas as mulleres fronteas que aínda hai que resolver e nese senso o cambio de rumbo do goberno central ven a mellorar a situación cos acordos orzamentarios alcanzados, a partir dos cales se poderán poñer en marcha medidas ata a data inexistentes.*

*De entre os acordos acadados podemos resaltar como de impacto directo nas mulleres e polo tanto nas mulleres do rural:*

- *Incremento do Salario Mínimo Interprofesional a 900 euros ao mes.*

- *Equiparación dos permisos de maternidade e paternidade..*
- *Promoción da titularidade compartida das explotacións agrarias a través da aplicación efectiva da Ley 35/2011, e mellorando a posición das mulleres do campo dentro do sistema de Seguridade Social.*
- *Protección do aluguer e acceso a la vivienda.*
- *Actualización das pensións de acordo con el IPC.*
- *Aumento das axudas para os dependentes.*
- *Redución do IVA en produtos de hixiene feminina e servicios veterinarios.*
- *Incremento de la prestación por fillo a cargo.*
- *Universalización da escola pública infantil de 0 a 3 años.*
- *Un acordo de máximos contra la violencia de xénero”.*

**3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA PROVINCIAL. DIVISIÓN EN LOTES (LOTES 1 A 8).**

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do “Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2023. División en lotes. (Lotes 1-8)”.

Os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada Lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a



determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP.

Divídese en oito lotes, en función do ámbito territorial:

Lote 1 (Zona 1) Concellos de: Vicedo (O), Viveiro, Xove, Burela, Cervo, Ourol, Muras, Xermade, Vilalba.

Lote 2 (Zona 2) Concellos de: Valadouro (O), Foz, Alfoz, Barreiros, Lourenzá, Ribadeo, Trabada, Mondoñedo, Abadín, Pontenova (A), Riotorto, Pastoriza (A).

Lote 3 (Zona 3) Concellos de: Cospeito, Outeiro de Rei, Corgo (O), Baleira, Baralla, Rábade, Meira, Pol, Castro de Rei, Lugo, Castroverde, Láncara.

Lote 4 (Zona 4) Concellos de: Monterroso, Antas de Ulla, Portomarín, Páramo (O), Sarria, Paradela, Guitiriz, Begonte, Friol, Guntín, Palas de Rei.

Lote 5 (Zona 5) Concellos de: Fonsagrada (A), Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín, Navia de Suarna.

Lote 6 (Zona 6) Concellos de: Becerreá, Cervantes, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro.

Lote 7 (Zona 7) Concellos de: Caurel, Incio (O), Samos, Triacastela, Quiroga, Ribas do Sil.

Lote 8 (Zona 8) Concellos de: Monforte, Bóveda, Pobra do Brollón (A), Sober Pantón, Saviñao (O), Taboada, Chantada, Carballedo.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no informe do Servizo de Vías e Obras que forma parte do expediente. Aos efectos do establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no Prego de Cláusulas Administrativas

que o prezo do contrato é adecuado para o seu efectivo cumprimento. Faise constar no devandito Prego a insuficiencia de medios propios por parte da Entidade provincial para asumir o obxecto de este contrato de servizos. O Prego contén, aos efectos do artigo 130 da LCSP información sobre as condicións de subrogación dos contratos de traballo e os empregados a subrogar.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar a contratación do “Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021. división en lotes (Lotes 1-8)”, na modalidade de contratación anticipada, consonte ao previsto no artigo 117.2 LCSP, por iniciarse a execución material na anualidade de 2019. De conformidade co establecido na D.A. 3ª da LCSP a adxudicación de cada contrato (un por lote) queda sometida á condición suspensiva de efectiva consolidación dos recursos que han de financiar cada contrato.

**2º.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que rexerán na licitación, adxudicación e execución do contrato sinalado no parágrafo anterior.

**3º.-** Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios e selección da oferta economicamente máis vantaxosa, regulado polos artigos 156 158 da LCSP, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

**4º.-** Aprobar o gasto por importe de 6.472.350,50 euros (IVE incluído).

	ZONA 1	ZONA 2	ZONA 3	ZONA 4	ZONA 5	ZONA 6	ZONA 7	ZONA 8
PRESUPUESTO EJECCIÓN MATERIAL	551.000,00	609.000,00	667.000,00	565.500,00	522.000,00	507.500,00	493.000,00	580.000,00
GASTOS GENERALES (13 %)	71.630,00	79.170,00	86.710,00	73.515,00	67.860,00	65.975,00	64.090,00	75.400,00





BENEFICIO INDUSTRIAL (6 %)	33.060,00	36.540,00	40.020,00	33.930,00	31.320,00	30.450,00	29.580,00	34.800,00
IMPORTE TOTAL	655.690,00	724.710,00	793.730,00	672.945,00	621.180,00	603.925,00	586.670,00	690.200,00
IVA (21 %)	137.694,90	152.189,10	166.683,30	141.318,45	130.447,80	126.824,25	123.200,70	144.942,00
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	793.384,90	876.899,10	960.413,30	814.263,45	751.627,80	730.749,25	709.870,70	835.142,00
							Total	6.472.350,50

Co seguinte reparto por anualidades:

DISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES	ZONA 1	ZONA 2	ZONA 3	ZONA 4	ZONA 5	ZONA 6	ZONA 7	ZONA 8
2019	363.634,75	401.912,09	440.189,43	373.204,08	344.496,08	334.926,74	325.357,40	382.773,42
2020	396.692,45	438.449,55	480.206,65	407.131,73	375.813,90	365.374,63	354.935,35	417.571,00
2021	33.057,70	36.537,46	40.017,22	33.927,64	31.317,82	30.447,88	29.577,95	34.797,58
TOTAL	793.384,90	876.899,10	960.413,30	814.263,45	751.627,80	730.749,25	709.870,70	835.142,00

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no art.174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O financiamento das anualidades do 2019, 2020 e 2021 queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 a cantidade 2.966.493,99 €; 3.236.175,26 € na anualidade 2020 e 269.681,25 € na anualidade 2021.

**4.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE CHANTADA SOLICITANDO A APLICACIÓN DOS REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial, en sesión ordinaria e extraordinaria que tiveron lugar o 28 de marzo e 16 de xuño de 2017 respectivamente, foron aprobadas as Bases Reguladoras e o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

Resultando que polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 foi adoptado o acordo relativo á modificación dunha das obras incluídas en dito Plan.

Tendo en conta que o Concello de Chantada, achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se indican as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se indican:

O Concello de Chantada presentou Anexo III de obras incluídas no amentado Plan relacionando os importes de baixas que se indican a continuación:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
66	CONSTRUCCIÓN DA II FASE DE BEIRARRÚAS EN BASÁN	46.116,75€
68	ACONDICIONAMENTO VIARIO EN MUNDÍN, CASTEDA, URIZ, VILLARDAMOS, BARRIO DA PONTE E ACCESO A SAN ESTEBAN	25.100,24€

Tendo en conta que por escrito de data 4 de outubro de 2018 o Concello solicita a aplicación destas baixas, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL EN MUNDÍN E CASTEDA	25.100,24€	1.969,37€	27.069,61€
EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS CASTROPOUSADA (BASÁN) (FASE III) E OTERO PEDRAYO	46.116,74€	0,00€	46.116,74€



Logo de ver os informes dos Servizos de contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Chantada, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente as actuacións que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente:

IDENTIFICACIÓN		FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
CHANTADA	MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL EN MUNDÍN E CASTEDA	25.100,24€	1.969,37€	27.069,61€
	EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS CASTROPOUSADA (BASÁN) (FASE III) E OTERO PEDRAYO	46.116,74€	0,00€	46.116,74€

2º .- Trasladar o presente acordo ao Concello de Chantada para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

**5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO HOSTING E MANTEMENTO DO SERVIZO DE CORREO ELECTRÓNICO, OS DOMINIOS CORPORATIVOS E WEBS EXTERNAS.**

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do hosting e mantemento do servizo de correo electrónico, os dominios corporativos e webs externas.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de datas 2 e 8 de outubro do 2018, así como os informes da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, Contratación e Fomento e de Intervención, e tendo en conta a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Adxudicar á empresa, ALTIA CONSULTORES,S.A, a contratación da prestación de hosting e mantemento do servizo de correo electrónico, os dominios corporativos e webs externas.

**2º.-** Comprometer a empresa adxudicataria executar por 15.980,00 €, aos que se engadirán 3.355,80 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 19.335,80 € (dous anos) atendendo ás seguintes anualidades:

- Anualidade 2018: 2.014,15 euros.

- Anualidade 2019: 9.667,90 euros (A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento das anualidades 2019 as cantidades precisas para atender ao cumprimento da obriga).

- Anualidade 2020: 7.653,75 euros (A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento das anualidades 2020 as cantidades precisas para atender ao cumprimento da obriga).

E cumprindo coas determinacións establecidas nos Pregos de Cláusulas Administrativas, nos Pregos de Prescricións Técnicas e na súa oferta referente ás melloras ofertadas:

	OFERTA
Ampliación de dominios	71
Ampliación almacenamento servidor linux (excepto almacenamento de correo electrónico)	4000GB
Ampliación RAM servidor linux	48GB
Ampliación almacenamento servidor Windows(excepto almacenamento de correo electrónico)	2000GB
Ampliación RAM servidor Windows	64GB
Ampliación almacenamento correo electrónico	2000GB
Ampliación almacenamento servidor FTP	1000GB
Ampliación almacenamento servizo de intercambio de arquivos na nube	1500GB

**3º.-** Ter condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.1.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:



- O cumprimento cos medios materiais e persoais mínimos adscritos á execución do obxecto do contrato e recollidos no informe que obra no expediente “Informe de adscrición dos medios persoais” A estes efectos considéranse mínimos.

Un responsable do proxecto. Con dedicación parcial será o interlocutor principal coa Deputación e encargarse da organización, xestión e dirección do proxecto.

Un técnico de soporte e mantemento. Con dedicación parcial será a persoa adicada a realizar os procesos de migración, de resolución de incidencias e de mantemento indicado nos apartados 3.5 e 3.6 do PPT.

O cumprimento pola empresa adxudicataria do deber de presentar xunto coa factura, unha declaración responsable de ter aboado os salarios aos traballadores adscritos á execución do contrato e declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A empresa adxudicataria cumprira rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervéñ no servizo obxecto deste contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar xunto a cada factura anual e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas dese persoal e a transferencia bancaria, como medio complementario de acreditar o seu pagamento. En todo caso a documentación precedente presentarse coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

A persoa responsable do contrato, co asesoramento que precise do Servizo de Contratación e Fomento, emitirá informe antes de proceder ao pagamento da respectiva factura en relación destas condicións sociais.

Remitir a Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, no prazo máximo de 10 días contados a partir do seguinte á sinatura da acta de inicio, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor con esta Deputación Provincial.

**4º.-** Ter o contrato unha duración de dous anos.

O contrato poderá ser obxecto de prórroga, de conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, sen que a duración total do mesmo, incluída a prórroga, exceda de tres anos, podendo prorrogarse por un ano, nos termos da cláusula quinta do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web desta Deputación no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación, consonte co establecido na cláusula quinta do Prego de Cláusulas Administrativas.

## **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial ao Xornal de Lugo, S.L., para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Creación e publicación de Xornais dixitais na provincia de Lugo”, na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Xornal de Lugo, S.L., co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Creación e publicación de Xornais dixitais na



provincia de Lugo”, polo importe de 23.326,40€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 11.663,20€ con dispensa de garantía.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á Área funcional de Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 23.326,40 € a favor da entidade Xornal de Lugo, S.L., para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Creación e publicación de Xornais dixitais na provincia de Lugo”, subvención incluída na Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á Área funcional de Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

**2º.-** Aprobado o gasto de 23.326,40 € con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor de Xornal de Lugo, S.L., para sufragar os gastos derivados do amentado proxecto.

**3º.-** Aprobado o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

## **7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE REINTEGRO DO ANTICIPO DUNHA ENTIDADE BENEFICIARIA DO BEN EMPREGADO I.**

Resultando que pola Xunta de Goberno con data 19 de decembro de 2014 foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de fomento do emprego e a economía dos sectores estratéxicos da provincia de Lugo - Ben empregado

Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 22 de decembro co nº 292.

Resultando que con data 21 de febreiro de 2015 foron publicadas no Boletín da Provincia de Lugo (BOP) a listaxe das entidades beneficiarias así como a cantidade asignada a cada unha delas, entre as que se atopa 275/2014.- Transportes Lozano Bello S.L. cunha cantidade outorgada de 18.000,00€.

Resultando que con data 21 de febreiro de 2015, publícase no BOP a convocatoria da Fase II do Programa, o cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios, para que os desempregados se apuntaran ós perfís desexados, coa limitación de que cada candidato só pode anotarse en dous postos diferentes.

Tendo en conta que con data 15 de maio de 2015 foi publicado o Anexo III, relativo á resolución da asignación do traballador ás empresas e entidades incluídas no Bloque III e IV, entre as cales se atopa a entidade con código 275/2014.- Transportes Lozano Bello S.L.

Con data 1 de xuño de 2015, ante a renuncia do traballador seleccionado, Don Miguel Ángel Paz Fraga, a empresa dá de alta a Don José Luís Díaz Carballo, na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidas na solicitude.

Unha vez que a entidade mencionada dá de alta ó traballador seleccionado e se comproba e se verifica a documentación aportada pola empresa e requirida na base 15 do Programa Ben Empregado Fase I, a efectos de xustificación, emítase Resolución da Presidencia relativa ó pago dos anticipos, segundo se reflicte no seguinte cadro:

SUBVENCIÓN	1º ANTICIPO	DATA PAGO	2º ANTICIPO	DATA PAGO	TOTAL ANTICIPADO
18.000,00€	9.000,00€	07/08/2015	8.100,00€	11/07/2016	17.100,00€





Tendo en conta que de acordo a base 15 do Programa Ben Empregado Fase I, e despois da data prevista para o remate do período subvencionado preséntase ante esta Deputación por parte da entidade documentación incompleta para a xustificación da subvención.

Logo de ver que con data 21 de novembro de 2017 remítese notificación á entidade beneficiaria requiríndolle a documentación precisa para a xustificación da subvención outorgada, dándolle un prazo de 10 días para súa contestación. Así mesmo, infórmaselles que de non achegarse a documentación producirase a extinción do dereito ó gozo da subvención e iniciárase o procedemento de reintegro. A entidade recibe a notificación con data 23 de novembro de 2017.

Con data 31 de xullo de 2018, ao ser incompleta a documentación presentada pola entidade beneficiaria, en base o incumprimento do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, da Base 15 do Programas Ben Empregado I, e de acordo o procedemento contido no título VI, Capítulo II da Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común, acordase por Resolución da Presidencia: O inicio do procedemento de reintegro, o nomeamento do órgano instructor e a apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción Económica, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinente.

Tendo en conta que con data 7 de agosto de 2018 remítese notificación á entidade beneficiaria, abríndose o trámite de audiencia. A data de recepción foi o 8 de agosto de 2018 e non se recibiu ningún tipo de contestación por parte do interesado.

Por todo elo, tendo en conta os informes da Unidade de Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Extinguir o dereito ao goce da subvención por incumprimento das obrigas da subvención de entregar a esta Excm. Deputación Provincial toda a documentación requirida nas bases.

2º.- Reintegrar a cantidade anticipada 17.100,00€ correspondente ao 95% da subvención outorgada (18.000,00€).

### **8.- TOMA DE RAZÓN DA ENTREGA DOS RESULTADOS DA ENCOMENDA PARA A CONSTRUCCIÓN DOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES, E ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Considerando que con data vinte e seis de outubro de dous mil dez o Pleno desta Deputación Provincial aprobou por unanimidade a encomenda de xestión á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A., para a construción e xestión de centros de atención a persoas maiores, quedando limitada esta encomenda a un investimento non superior ós 12 millóns de euros para a construción dos centros de atención as persoas maiores, segundo o informe da Intervención de data 18 de outubro de 2010, así como, segundo o informe do Secretario Xeral da mesma data, sinala no seu informe, entre outros, que a entidade encomendada independentemente de que posúea personalidade xurídica ou non, actuará baixo a supervisión e control desta Deputación Provincial. A entidade non ten dereitos contra a Deputación Provincial.

Considerando que con data 29 de abril de 2011, a Xunta de Goberno tomou conta da Resolución Presidencial de 27 de abril pola que se resolvía encomendar a SUPLUSA SA, a construción da residencia de A Fonsagrada, antecedente ben significativo na medida en que viría a confirmar o ámbito material da encomenda de 2010.

Considerando que con data 9 de marzo de 2018, a Xunta de Goberno acordou, entre outros:

“ (...) Declarar a perda de condición de medio propio de SUPLUSA respecto da Deputación provincial de Lugo para a prestación de servizos sociais,

Declarar, consonte ao apuntado no informe de Secretaría, a continuidade das encomendas que non resulten afectadas por esta declaración, sinaladamente a de xardinería e zonas verdes, así como a de construción dos edificios destinados a residencias da terceira idade e centros de día que a data de hoxe xa se atopan en execución.



Intimar a SUPLUSA, por última vez, para que no prazo de dez (10) días entregue á Deputación Provincial a titularidade (xurídica) e a posesión (material) de todos os bens que afecten ou constitúan as residencias e/ ou centros de día dos Concellos de: A Fonsagrada, Pedrafita, Ribas de Sil, Trabada e Pol.

Intimar, igualmente, a SUPLUSA, por última vez, para que no prazo de dez (10) días entregue, sen condicións, a esta Deputación Provincial, a titularidade (xurídica) e a posesión (material) de todos os bens que afecten ou constitúan a residencia e/ ou centro de día de Castroverde, con todos os documentos propios da construción, consonte a normativa contractual e de edificación; e, coa cesión da titularidade do permiso de inicio de actividade e as restantes autorizacións outorgadas a e sociedade mercantil na residencia de Castroverde, para a súa posta en funcionamento coa maior celeridade posible.(...)”.

Considerando que o Consello de Administración de SUPLUSA, S.A. con data 8 de marzo de 2018, acordou a entrega a esta Deputación Provincial do terreo e do edificio para Residencia e Centro de Día para persoas maiores de Castroverde, en cumprimento da encomenda de xestión de 26 de outubro de 2010, con reserva de uso.

Considerando que o Consello de Administración de SUPLUSA, S.A. con data 8 de maio de 2018, acordou a entrega a esta Deputación Provincial do terreo e do edificio para Residencia e Centro de Día para persoas maiores de Mosteiro, no Concello de Pol, en cumprimento da encomenda de xestión de 26 de outubro de 2010, e entrega a esta Entidade Provincial do terreo e do edificio para Residencia e Centro de Día para persoas maiores de Trabada, en cumprimento da encomenda de xestión de 26 de outubro de 2010, con reserva de uso.

Considerando que o Consello de Administración de SUPLUSA, S.A. con data 7 de agosto de 2018, acordou a entrega a esta Deputación Provincial do edificio para Residencia e Centro de Día para persoas maiores de o Concello de A Fonsagrada “Residencial Rois”, en cumprimento da encomenda de xestión de 26 de outubro de 2010, condicionando a eficacia do acordo de entrega, a “unha suposta” aceptación e conformidade da edificación.

Considerando que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 27 de xullo de 2018 acordou, entre outros, declarar que a esa data, SUPLUSA non recuperou a condición de medio propio, xa que para o cal resultaba preciso cumprir os requisitos necesarios fixados no artigo 32 da Lei 9/2017, de 8 de outubro de Contratos do Sector Público e no artigo 86 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, enunciados no informe da Intervención datado a 4 de maio do citado ano.

Considerando que SUPLUSA non adaptou os seus Estatutos ao novo réxime legal, por imperativo do artigo 32.2.d) da Lei 9/2017, de 8 de outubro de Contratos do Sector Público, en relación coa súa Disposición Transitoria Cuarta, unha vez vencido o prazo transitorio. Constatase dita circunstancia de non adaptación dos estatutos da citada Sociedade, vista a convocatoria do seu Consello de Administración do luns 15 de outubro de 2018, na cal recollese, acordar o inicio do procedemento de reforma estatutaria, e polo tanto, esta convocatoria confirmaríase, neste punto, a omisión de toda reforma substancial no sentido legalmente exixido, para o que existe un prazo de 6 meses dende a entrada en vigor da Lei, polo que seguirá sen poder obter a condición de medio propio e ente instrumental consonte a nova lexislación en materia de contratos público e réxime xurídico do sector público.

Considerando o informe emitido conxuntamente polo servizo de Contratación e Fomento e pola Secretaría Xeral de data 15 de outubro de 2018, relativo á entrega dos resultados da encomenda feita a SUPLUSA S.A. para a construción das residencias e centros de día nos municipios de Castroverde, A Fonsagrada, Pol e Trabada.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Tomar coñecemento dos acordos adoptados polo Consello de Administración de SUPLUSA, S.A. con data 8 de marzo, 8 de maio e 7 de agosto de 2018 respectivamente, polos que, SUPLUSA S.A. entrega a esta Deputación Provincial os terreos e edificios destinados a residencias e centros de día nos municipios de Castroverde, Pol, Trabada e A Fonsagrada.



2º.- Entender a entrega libre de cargas e gravames e, neste sentido, a reserva de uso tense por non posta. Todo crédito, carga ou gravame que SUPLUSA SA entenda pode trasladar á Deputación debe concretarse no proceso de liquidación dos encargos. En ningún caso poderá implicar condicionantes para o círculo de decisión administrativa do ente tutelante e o exercicio das potestades que ten atribuídas.

3º.- Proceder con anterioridade á liquidación definitiva dos encargos, se proceda por funcionarios da área Técnicos (facultativos) coa debida habilitación profesional (sen mingua doutras colaboracións) a inspección e comprobación final do construído, así como da concordancia entre o construído e o proxecto para que se obtivo licenza urbanística e, no seu caso, dos seus modificados.

Do resultado da comprobación realizada deberá emitirse informe polos funcionarios (e de ser o caso coas oportunas colaboracións) aos que que a Presidencia ordene a inspección e comprobación.

Funcionarios da Área de Servizos Sociais, poderán acompañar aos funcionarios técnicos, a efectos de asesoramento e colaboración. Estes funcionarios de perfil social emitirán informe acerca do mobiliario, enseres e demais equipamentos necesarios para a apertura e funcionamento das residencias e centros de día.

4º.- Dar traslado deste acordo á Intervención xeral ao obxecto de que realice as comprobacións finais das tarefas encomendadas por parte da Deputación (comprobación material dos investimentos), o obxectivo de verificar o cumprimento da obrigaón do encomendado, nos termos do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, complementado pola resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado (BOE núm. 186 de 2 de agosto de 2018), no apartado de encargos a medios propios previstos no artigo 24.6 Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público, as Bases de execución do orzamento e a Circular da Intervención provincial de data 12 de setembro de 2018, sobre recepción de investimentos.

5º.- Reiterar por derradeira vez a SUPLUSA a entrega das respectivas chaves no prazo improrrogable dos tres días hábiles seguintes ao do recibo deste acordo, de forma que poidan realizarse as tarefas de comprobación referidas nos parágrafos anteriores de cara a toma de posesión material do construído.

6º.- Ordenar ás Seccións de Patrimonio e Inventario que procedan á inscrición dos respectivos bens.

### **9.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN, SE PROCEDE, DE COMPATIBILIDADE DUN ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, FUNCIONARIO DE CARREIRA DESTA ENTIDADE PROVINCIAL.**

Logo de ver que D. Darío Ferreiro Otero, funcionario de carreira desta Entidade, solicita o recoñecemento de compatibilidade para prestar servizos, en réxime laboral a tempo parcial, como Profesor Asociado con dedicación P3 no Departamento de Enxeñaría Agroforestal da Universidade de Santiago de Compostela e con docencia que se imparte na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo.

Tendo en conta que D. Darío Ferreiro Otero é Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do Cadro de Persoal Funcionario, encadrado no Grupo A, Subgrupo A1.

Por todo elo, tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a compatible á actividade que D. Darío Ferreiro Otero realiza no posto de Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos como Funcionario de Carreira nesta Entidade, cunha segunda actividade nun segundo posto de traballo como Profesor Asociado no Departamento de Enxeñaría Agroforestal na Universidade de Santiago de Compostela, actividade que desenvolverá fora do horario establecido para prestar servizos nesta Entidade, coas outras limitacións e condicionantes sinalados na Lei 53/84, de 26 de decembro, quedando automaticamente sen efectos



polo cambio de posto de traballo ou polas circunstancias sinaladas na citada Lei, sen menoscabo de que o incumprimento das condicións legais establecidas, poida ser sancionado conforme ao Réxime Disciplinario de aplicación, quedando o Funcionario na obriga de presentar nesta Entidade a documentación acreditativa da relación laboral, así como as súas condicións, que manteña coa Escola Politécnica de Lugo.

#### **10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

#### **11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.